



# A FOLLA DA CGT

Núm. 20 - 30 abril 2020

## 1º de Maio: Esta crise non a pagamos os traballadores

# CGT

Este 1º de Maio estamos a vivir un momento sen precedentes que pon enriba da mesa un feito incuestionable: **a clase obreira é o motor fundamental da sociedade.**

**Somos @s que estamos en primeira liña contra o covid-19**

*Somos @s que estamos en primeira liña contra o covid-19*

@s traballador@s dalgúns dos sectores máis precarizados do mercado laboral (limpeza, alimentación, coidado de maiores, etc.) están dando unha lección de sacrificio, a pesar da falta de medios, poñendo en risco a súa vida para coidar dos enfermos, mentres as empresas están demostrando a súa natureza cruel e despiadada de forma inequívoca. Como exemplo dramático temos as residencias de maiores.

*E somos @s que aturamos os efectos económicos da pandemia*

Agora mesmo, o peso económico está a soportalo a clase obreira, tamén a través do Estado, que se financia principalmente do que aportamos @s traballador@s (o 85% dos seus ingresos proceden do IRPF e do IVE).

Da caixa estatal saen as subvencións para as empresas privadas ás que se lles cederon servizos que están demostrando que non son capaces de dar.

Tamén sairán os salarios dos traballadores (cálculase que uns 2,5 millóns) dos milleiros de empresas que non tardaron nin un anaco en acollerse ós ERTes que o goberno puxo á súa disposición.

*Que aportan as empresas neste momento crucial?*

Nestes últimos anos, ós empresarios non lles foi nada mal. En 2018 superaron un fito nada desprezable: máis de medio billón de euros de beneficios, concretamente 509.687 millóns. Xa en anos anteriores andaran preto (499.011 en 2017). Dende a anterior crise, os seus **beneficios** aumentaron un **11,3%**, mentres os **salarios** só subiron un **0,08%**. En cambio, a súa aportación ó Estado mediante o imposto de sociedades é a metade que en 2007. Igual ten algo que ver que só as empresas do IBEX 35 teñen 805 filiais en paraísos fiscais. Iso si, non paran de doar máscaras e batas.

*Esta crise non a debemos pagar os traballadores*

Unha vez máis, somos @s traballador@s @s que poñemos toda a carne no asador. Como pasou no 2008, queren que nós paguemos a factura do seu sistema corrupto, despiadado e inútil. Non podemos consentilo. Non podemos permitir que nos sigan empobrecendo. Antes desta crise, o 26,6% da poboación española estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social, e un 10,8% vivía en pobreza severa. En palabras do relator da ONU para a pobreza Philip Alston hai un par de meses: "Sendo un país rico, España vive na pobreza".



*Únete á CGT*

É hora de romper unha paz social que, coa axuda inestimable de CCOO e UGT, foi decisiva para empobrecer a clase obreira. Os traballador@s necesitamos unha ferramenta para defendernos dos ataques e recortes que virán. Agora máis ca nunca, necesitamos un sindicato combativo, disposto á loita.

**iOrganízate con nós, afíliate á CGT!**

## Contra os ERTes, os despedimentos e o reinicio da actividade

Nas últimas dúas semanas, a dirección de Navantia está tentando reiniciar a actividade, non escatimando palabras de autoeloxio nos medios de comunicación: toma de temperatura na entrada, protocolos moi avanzados, un plan de escalada gradual da actividade que non expoña ós traballadores...

A realidade dista *moito desa visión idílica*:

1) Escaseza de epis: máscaras, xel desinfectante ou luvas.

2) A dirección está desentendéndose da aplicación do protocolo. Son os propios traballadores (operarios, encargados ou xefes) os que o aplican como mellor saben. A empresa non realiza ningún tipo de supervisión a través dos servizos de prevención, que necesitan ser reforzados urxentemente.

3) A hixiene das taquillas, duchas e baños é totalmente insuficiente, a pesar de que hai menos de 300 traballadores dentro da factoría.



Fene-Ferrol envioulle á empresa unha proposta de acta sobre un posible acordo para o remate do proceso das prazas de operarios e empregados júnior pendentes. Malia que disto xa hai case dúas semanas, a empresa aínda non respondeu.

### ¡Ningunha concesión!

A empresa propúxolle ó intercentros reducir a un mes o prazo para poder obrigar a traballar durante o período oficial de vacacións de verán.

Esta dirección perpetrou un grave **recorte** dos nosos dereitos no último convenio. Ademais, é unha dirección tramposa que incumpre o asinado.

Os traballadores/as non temos ningún motivo para facerlle **concesións**.

Que empecen por cumprir o pendente e que continúen por renunciar a esixirnos a recuperación do tempo do confinamento (incluído o do mal chamado permiso retribuído recuperable, que como xa explicamos non é obrigatorio recuperar).

E despois xa falaremos das vacacións.

Se unha gran empresa pública expón ós traballadores desta maneira, ¿que ocorrerá nas pequenas e medianas empresas privadas? Témo-lo claro: escaseza ou inexistencia de epis, protocolos que só serven para crear unha aparencia de seguridade e para situar a responsabilidade dun posible brote nos traballadores, presións para traballar de calquera maneira... Esta é a realidade á que a CEOE, o goberno de PSOE-Unidas Podemos e CCOO-UGT nos están a abocar desde que decidiron levantar a hibernación dos sectores non esenciais.

A **CGT** opúxose ó reinicio da actividade por entender que non se daban aínda as condicións, oposición que reiteramos posteriormente en distintas reunións do comité de emerxencia. **A proba desta semana e media reafírmanos na necesidade de suspender toda actividade non esencial.**

A dirección de Navantia está actuando irresponsablemente. Xoga coa saúde, ou ó mellor coa vida, dos traballadores/as e as nosas familias para colgarse a medalla do reinicio da actividade. Pero se ocorre algo non será unha cuestión de mala sorte. Haberá responsables:

A) Os **empresarios** da industria auxiliar, por non pagar os salarios íntegros durante o confinamento, creando así unha presión para que os traballadores se vexan obrigados a voltar ó choio.

B) A dirección de **Navantia** e os sindicatos que avalaron o reinicio da actividade.

### Novos ingresos

A parte social da comisión de Emprego de Fene-Ferrol envioulle á empresa unha proposta de acta sobre un posible acordo para o remate do proceso das prazas de operarios e empregados júnior pendentes. Malia que disto xa hai case dúas semanas, a empresa aínda non respondeu.



### Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas  
RRSS



**CGTNavantiaFE**